

CONCELLO DE BEGONTE

SEPARATA N. 09



ÍNDICE

1.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO	1
1.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	1
1.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	1
1.2.1.	O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA	1
2.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL.....	4
3.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	4
4.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	5
5.	ANEXO FOTOGRÁFICO	6
6.	ANEXO PLANOS.....	11

1. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

1.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Trazado do camiño Baamonde – Ponte de San Alberte

O trazado do Camiño do Norte no Concello de Begonte pasa polas parroquias de San Martiño de Pacios, Santiago de Baamonde e Santa Olalla de Bóveda.

Ao igual que na parte anterior do camiño na parroquia de San Pedro de Pígara no concello de Guitiriz, os primeiros mil oitocentos metros do trazado no concello de Begonte percorren un territorio comprendido entre a autovía A-8 e o curso do río Ladra, caracterizado pola paisaxe de chaira na que abundan os agros, os prados e os pequenos bosques resultado da plantación ou do abandono de antigas terras de cultivo. Uns novecentos metros despois de entrar no termo municipal o camiño pasa polo núcleo de Lamela, nas proximidades da Ermida de San Adrián.

Despois de atravesar a autoestrada A-6 por un paso inferior situado no lugar denominado A Mona, o camiño xira á dereita para continuar durante aproximadamente un quilómetro pola pista paralela á beira sur da autoestrada. A continuación bordea as vías do nó de acceso a Baamonde e pasa ao sur do edificio do tanatorio, seguindo a rúa José María Fernández Piñeiro en dirección oeste. Pasado o tanatorio, xira á esquerda para continuar pola avenida da Terra Chá en dirección sur. Ao chegar á rotonda da estrada N-VI, o camiño xira a dereita para seguir pola N-VI (rúa do Teniente Coronel Teijeiro), atravesando o núcleo de Baamonde. Desde a rotonda o camiño continúa tres quilómetros pola beira da estrada N-VI (dous mil trescientos metros ata o límite do termo municipal), ata atravesar en dirección sur a estrada e a vía férrea para cruzar o río Parga pola ponte de San Alberte, nas inmediacións da capela do mesmo nome.

Trazado complementario Baamonde –Ponte de San Alberte

O trazado parte da rotonda situada no encontro da N-VI e a avenida da Terra Chá, no leste do núcleo de Baamonde, e sae en dirección leste pola rúa Daniel Chávez Gómez. Cento oitenta metros más adiante xira en dirección sur pola estrada que leva a Vilariño, pasando baixo a N-VI e mais adiante cruzando o río Parga. Cento oitenta metros antes de chegar a Vilariño o trazado xira á dereita para seguir un camiño que vai paralelo ao curso do Parga ata a Capela de San Alberte. O camiño atravesa bosques de castiñeiro, bidueiros e piñeiros. Un seiscientos metros antes de chegar á ponte de San Alberte o camiño chega ao límite do termo municipal e volve a entrar no concello de Guitiriz.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO

A proposta de trazado do camiño parte das informacións históricas sobre as rutas utilizados polos peregrinos que arribaban aos portos cantábricos e seguían o camiño a pé cara a Santiago de Compostela. Entre as varias descripcións do camiño realizadas por peregrinos a través da historia a que refire con maior detalle o trazado do camiño Norte é a realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq, que fixo a súa viaxe a Santiago no ano 1790. No seu texto se indica o paso polos seguintes lugares identificables na cartografía histórica: Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba, Parga, Grixalba, San Bartolomé de la Mota e Sta. Igrexa (quizá unha referencia as dúas igrexas de Sabugueira xunto a A Lavacolla). As referencias ás edificacións e outros elementos vinculados ao camiño, como poden ser os hospitais de peregrinos establecidos ao longo do seu percorrido, serven para establecer e corroborar o seu trazado. Do mesmo xeito a relación co fenómeno da peregrinación dalgúns topónimos e microtopónimos permiten confirmar zonas e puntos de paso do camiño.

Para a definición da traza pártese da análise da cartografía histórica, sobre a que é posible identificar os antigos camiños reais, cuxo trazado pódese considerar herdeiro do dos antigos camiños de longo percorrido utilizados dende finais da Idade Media.

Nun seguinte paso realizase aproximación mais precisa, buscando a identificación dos trazados históricos no viario aínda existente na actualidade. Isto realizaase mediante o estudo das fotografías aéreas do voo dos anos 1956-57 (Voo Americano) e a súa comparación cas fotografías aéreas actuais e os planos catastrais actuais e históricos, nos que é posible identificar camiños perdidos que seguen sendo de propiedade pública ou formas do parcelario que denotan a presenza de antigos trazados.

A delimitación definitiva da traza levase a cabo trala comprobación sobre o terreo das hipótese formuladas con anterioridade. Para isto levouse a cabo unha intensa labor de traballo de campo, que inclúe a documentación fotográfica do territorio que percorre o camiño e a recompilación de testemuñas dos veciños dos lugares da súa contorna, mediante metodoloxía etnográfica.

1.2.1. O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA

Os referentes principais para a definición do trazado dos camiños polos que transcorría o Camiño Norte dende a idade Moderna son a Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán, do ano 1845 e os planos provinciais de Lugo e A Coruña de Pascual Madoz dos anos 1864 e 1865 respectivamente. Nestes planos recóllese con precisión os camiños que no tempo de Fontán aínda atopábanse en uso e que en liñas xerais coincidirían cos trazados dos camiños fixados dende finais da Idade Media.


Como documento anterior á Carta de Domingo Fontán que contribúe a corroborar a validez dos planos antes sinalados utilízase o Plano do Bispado de Mondoñedo do ano 1764 realizado por José Cornide no que figura con precisión o trazado do Camiño entre Ribadeo e Grixalba, no concello de Sobrado.

Outro plano histórico de interese para a definición deste tramo do camiño e o de Tomás López do ano 1784, que aínda que se trata de dun traballo de gabinete baseado en informacións procedentes de diversas fontes, entre elas José Cornide, ven a corroborar e a matizar as informacións aportadas por outros autores.

Plano do Bispado de Mondoñedo de José Cornide (1764)

Entre Villalba e Vaamonde figura o trazado do camiño que vai paralelo ao río Ladra ao seu oeste. Neste tramo aparece próximo ao camiño o topónimo de Alba.

Despois de pasar o río Parga o camiño continúa por Parga, Vilar, Negras e Grixalba. Sobre el trazado aparece a denominación "Camino de Santiago". Ao sur do camiño separado de este atopase Sobrado.




Plano do Bispado de Mondoñedo de José Cornide (1764)

Mapa Xeográfico do Reino de Galicia de Tomás López (1784)

O trazado á saída de Vilalba segue o do camiño que vai a Pontedeume e Betanzos, despois de cruzar o río Ladra (na actualidade da Madanela), aínda próximo á cidade, o trazado desvíase por outro camiño que leva a Baamonde. Este camiño segue un trazado paralelo polo oeste ao curso do río Ladra, figurando como núcleos de paso: Castro, Alba, Pedrouzas e Pígara. Entre Alba e Pedrouzas aparece sinalado o paso sobre o río Labrada como "Puente de los Pazos"(Ponte de Sa), en realidade ao sur de Pedrouzas. O camiño continúa por Pígara ata Vaamonde (Baamonde), punto no que se unía ao camiño de Lugo a Betanzos.

Neste mapa non aparece a continuación do camiño cara a Santiago no tramo comprendido entre a ponte de San Alberte e Présaras e Sobrado, que ven recollido no plano do Bispado de Mondoñedo de José Cornide.




Mapa Xeográfico do Reino de Galicia de Tomás López (1784)

Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Entre Vilalba e Baamonde aparece un camiño cun trazado paralelo ao do curso do río Labra situado ao seu lado oeste. O camiño pasa por Alba e deixa ao leste de Torre, Insoa e Pígara. O camiño atravesa o río Labrada pola ponte de Sá e termina en Mesón de Baamonde. O traxecto entre este punto e Baamonde facíase polo camiño que unía Betanzos con Lugo.

Para continuar cara a Santiago os peregrinos debían saír do camiño de Betanzos un pouco mais adiante para cruzar o río Parga pola ponte de San Alberto e continuar polo camiño que pasaba por San Breijome de Parga (San Breixo) e Puebla de Parga, pasaba polo leste de Vilar e Torquedo e seguía por Castiñeiro, ata atravesar a Serra da Cova da Serpe que sinala o límite con Sobrado.




Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Plano de Lugo de Francisco Coello y Pascual Madoz (1864)

Como no plano de Domingo Fontán o trazado do camiño entre Vilalba e Baamonde vai polo oeste do río Labra. Á saída de Vilalba o camiño pasa polo lugar chamado Penas Corbeiras, vai polo leste de Boizán e pasa por Alba. O trazado pasa ao oeste de Torre e de Insúa, cruza o río Labrada por Puente Sáa e continúa ata Baamonde. No plano aparece outro camiño ao leste do anterior, mais próximo ao río Labra. Este camiño desvíase do que vai a Baamonde antes de chegar á Ponte de Saa e pasa por Insúa e Pígara ata chegar a Puente de Arriba, ao leste de Pacio.

Tanto si viñan polo camiño que chegaba a Baamonde como si o facían polo que levaba a Ponte de Arriba, os peregrinos tiñan que continuar un treito polo camiño real que unía Lugo con Betanzos, cuxo trazado nesta zona coincide con da actual estrada N-VI, para chegar ata a ponte de San Alberto, da que partía un camiño que pasaba por San Brejome de Parga (San Breixo de Parga), Puebla de Parga, continuaba polo sur de Ferreira, Villar (Vilar), Torquedo (O Torquedo) e pasaba por Castiñeira, antes de cruzar a Serra da Cova da Serpe para entrar na provincia da Coruña.



Plano de Lugo de Francisco Coello e Pascual Madoz (1864)

Outra fonte de interese para a definición do trazado do camiño nesta zona é a que figura na descripción da viaxe realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq no ano 1790. Nela sinala un trazado que pasaba por Ribadeo, Mondoñedo e Vilalba e que continuaba pasando por Parga, Grixalba (Concello de Sobrado) e San Bartolomé de la Mota, unha ermida situada no límite entre os concellos de Arzúa e Boimorto, no treito entre Boimorto e As Cinco Calles.

Trazado complementario Baamonde –Ponte de San Alberte

Tendo en consideración que a construción da estrada N-VI destruíu o trazado do camiño no tramo comprendido entre Baamonde e a ponte de San Alberte, delimitase un trazado complementario que sigue un camiño situado ao outro lado do río Parga, como alternativa ao tramo que vai pola beiravía da N-VI, de maior seguridade para o peregrino en unhas mellores condicións paisaxísticas.

2. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

Plano de calidad ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidad ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidad da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidad; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidad das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidad ambiental do Camiño no Concello de Begonte

- Moi Boa
- Boa
- Media
- Mala
- Moi mala

3. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago Norte baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno mais próximo. Os valos e taludes que definen os seus límites; a vexetación vinculada ao Camiño: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, palleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor relacionado coa traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediata ao Camiño e das vistas sobre a paisaxe mais afastada.

Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do Camiño dun ancho mínimo de cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. A delimitación pode verse incrementada para englobar áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño, as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa ou que se atopan na súa contorna inmediata, e para incrementar a protección de determinadas zonas de interese ambiental, natural ou paisaxístico. Puntualmente en función das características do parcelario ou das edificacións situadas á beira do camiño a delimitación do ámbito de protección pode ter zonas mais estreitas, pero estas sempre terán un ancho superior ao da franxa de trinta metros de protección do contorno definida pola Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago.

Co obxecto de que o perímetro do ámbito do territorio histórico sexa identificable de xeito sinxelo sobre o terreo, este sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilizázanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Begonte o ámbito do territorio histórico abrangue partes do territorio das parroquias polas que pasa o Camiño: San Martiño de Pacios, Santiago de Baamonde e Santa Olalla de Bóveda.

Tramo Regato do Carme – Baamonde

A delimitación do territorio histórico neste tramo ten por obxecto a protección dos valores ambientais e paisaxísticos do camiño. En especial o arborado autóctono e os peches formadas laxas de lousa aliñadas característicos desta parte da Terra Chá.

A delimitación comprende as parcelas situadas ás beiras do camiño ou na súa proximidade, e sufre ampliacións puntuais para incorporar a delimitación dos núcleos ou as edificacións illadas próximas ao camiño.

No tramo quedan comprendidos dentro do ámbito de territorio histórico os lugares e núcleos de Casa de Taberneiro, Lamela, coa ermida de San Adrián e a meirande parte do núcleo de Baamonde, situado á beira da estrada N-VI, ao que chega o camiño despois de atravesar a autoestrada A-6 por un paso inferior.

No tramo comprendido entre Baamonde e a Ponte de San Alberte, que coincide con trazado da estrada N-VI o ámbito de protección polo seu lado norte limitase a unha banda de trinta metros medidos dende o borde da estrada, a excepción da zona máis próxima ao núcleo de Baamonde, na que se amplía para incorporar a Igrexa de Santiago e o seu entorno. O ámbito de protección polo lado sur da estrada

esténdese ata unirse co do trazado complementario que vai pola outra beira do río parga, quedando o tramo do río e as súas ribeiras incluídas dentro do ámbito.

Trazado complementario Baamonde – Ponte de San Alberte

O ámbito de protección do trazado complementario segue o criterio xeral de incorporar as parcelas situadas total ou parcialmente nunha franxa de cen metros dende o borde do camiño. Polo norte o ámbito de protección úñese co do tramo do camiño que vai de Baamonde á Ponte de San Alberte que coincide coa estrada N-VI, incorporando a totalidade do tramo do río Parga. Polo sur o ámbito segue o criterio anteriormente sinalado incorporando parcelas enteiras. Na zona oeste a delimitación faise coincidir cun camiño forestal situado ao sur do trazado. O ámbito de protección vese ampliado cara ao leste para incluír o núcleo de Vilariño.

A delimitación neste tramo ten a finalidade de protexer as condicións ambientais e paisaxísticas do trazado, en especial o arborado autóctono e a vexetación de ribeira das marxes do río Parga.

4. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Capela de Carballido	Pacios	Pacios (San Martiño)	Relixioso	602658	4782310
Igrexa parroquial de Santiago	Baamonde	Baamonde (Santiago)	Relixoso	600956	4781086
Tres cruceiros preto da Igrexa	Baamonde	Baamonde (Santiago)	Cruceiro	600932	4781091
Muiño	Baamonde	Baamonde (Santiago)	Muiño	601258	4780799
Capela da Concepción	Bóveda	Bóveda (Santa Eulalia)	Relixoso	601529	4780435

5. ANEXO FOTOGRÁFICO

Trazado do Camiño: Regato do Carme – Ponte de San Alberte



CNCA901001.JPG



CNCA901002.JPG



CNCA901003.JPG



CNCA901004.JPG



CNCA901005.JPG



CNCA901006.JPG



CNCA901007.JPG



CNCA901008.JPG



CNCA901009-01.JPG



CNCA901009-02.JPG



CNCA901009-03.JPG



CNCA901009-04.JPG



CNCA901009-05.JPG



CNCA901009-06.JPG



CNCA901009-07.JPG



CNCA901009-08.JPG



CNCA901009-09.JPG



CNCA901009-10.JPG



CNCA901009-11.JPG



CNCA901009-12.JPG



CNCA901009-13.JPG



CNCA901009-14.JPG



CNCA901009-15.JPG



CNCA901009-16.JPG



CNCA901009-17.JPG



CNCA901009-18.JPG



CNCA901009-19.JPG



CNCA901009-20.JPG



CNCA901009-21.JPG



CNCA901009-22.JPG



CNCA901009-23.JPG



CNCA901009-24.JPG



CNCA901009-25.JPG




CNCA901009-26.JPG



CNCA901009-27.JPG

Trazado complementario Baamonde – Ponte de San Alberte





CNCA905018.JPG



CNCA905019.JPG



CNCA905020.JPG



CNCA905021.JPG

6. ANEXO PLANOS